

## Rúbrica para coavaliación do alumnado

Ítem	%	0-2 (nula)	3-4 (negativa)	5-6 (correcta)	7-8 (boa)	9-10 (excelente)
<b>Duración e idioma de Presentación</b>	5	A presentación foi curta. Non foi en galego.	A presentación durou o xusto. Non foi galego	A presentación durou o xusto. Foi en galego case toda.	A presentación durou un tempo axeitado. Todas as persoas falaban en galego pero con algún erro.	A presentación tivo unha duración perfecta. Todas as persoas falaban galego e sen grandes erros.
<b>Información do equipo</b>	5	Non presentaron aos membros do equipo.	Só presentan algún membro do equipo	Presentan aos membros do equipo pero só deron o nome.	Presentan aos membros do equipo con nome e apelidos	Presentan aos membros do equipo con nome e apelidos. Indican o rol que tiveron no grupo
<b>Reto que explican</b>	15	Non indicaron o reto que ían explicar.	Indicaron o reto pero a explicación foi confusa.	Indicaron e explicaron o reto ben	Indicaron e explicaron o reto moi ben.	Indicaron e explicaron dun xeito excelente.
<b>Dan algún aspecto teórico do texto escrito</b>	15	Non proporcionaron ningunha explicación teórica sobre o texto escrito.	A explicación teórica sobre o texto escrito foi moi breve ou pouco clara.	Proporcionaron unha explicación básica sobre os aspectos teóricos do texto escrito.	A explicación teórica sobre o texto escrito foi clara.	Ofreceron unha explicación teórica excelente, clara e detallada.
<b>Comentan se o seu texto responde ao solicitado</b>	15	Non se menciona.	Mencionan por enriba.	Mencionan pero dun xeito nada claro.	Explicaron de forma clara que o seu texto responde ao solicitado	Aclararon de forma excepcional se o seu texto reponde ao solicitado ou non.
<b>Contan como o fixeron</b>	15	Non explicaron como abordaron o reto.	A explicación foi escasa ou con erros.	Contárono de forma básica.	A explicación foi clara e comprensible.	A explicación sobre como resolveron o reto foi excepcionalmente clara e detallada.
<b>Contan as dificultades que atoparon</b>	10	Non mencionaron as dificultades atopadas.	Mencionaron algunhas dificultades, pero por enriba.	Contaron as dificultades que atoparon ao realizar o proxecto.	A explicación das dificultades atopadas foi moi clara.	A explicación das dificultades atopadas foi moi detallada e con exemplos.
<b>Indican dúas cousas que aprenderon</b>	15	Non indicaron o que aprenderon.	Indicaron por enriba o que aprenderon.	Indicaron dúas cousas que aprenderon durante o proxecto.	Indicaron dúas cousas e explicaron como as aprenderon.	Indicaron dúas ou máis cousas que aprenderon e como o fixeron dunha forma excelente.
<b>Abren rolda de preguntas</b>	5	Non abriron unha rolda de preguntas.	Abriron unha rolda de preguntas pero non contestaron.	Abriron rolda de preguntas e contestaron.	Abriron rolda de preguntas e contestaron animando tamén a participar.	Abriron unha rolda de preguntas animaron a participar e contestaron de forma excelente.



“Rúbrica coavaliación alumnado”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)

